. Considera que as medidas, propias e doutras administracións, no noso país para evitar a entrada de produtos do mar non aptos para o consumo humano son suficientes? De non ser así, que outras ten previsto levar a cabo?

. Valora que a cidadanía ten a información e a concienciación suficiente como para non contribuír a que os produtos furtivos do mar cheguen á súa casa? De non ser así, vai desenvolver algún tipo de campaña ou calquera outra medida para convertela en axente activo contra o furtivismo?



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cales son as medidas existentes na actualidade para tratar de amparar e protexer os produtos galegos do mar fronte aos de procedencia foránea, legais ou non?

. Considera necesaria a súa diferenciación clara para reverter en maiores beneficios dos produtores e dos propios consumidores e consumidoras? De ser así, que medidas está a desenvolver ao respecto?

. Considera que o Goberno galego debe priorizar e dar a máxima preferencia á promoción dos produtos galegos do mar? De ser así, que medidas está a levar a cabo e que investimentos concretos está a realizar ao respecto? e que investimentos está a realizar?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:11:33
Nº Rexistro: 48421
Data envio: 28/01/2026 18:11:33.138

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 28/01/2026 18:10:44

Carmela González Iglesias na data 28/01/2026 18:10:51

Daniel Castro García na data 28/01/2026 18:11:01

Óscar Insua Lema na data 28/01/2026 18:11:08

Paulo Ríos Santomé na data 28/01/2026 18:11:18

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:11:33
Nº Rexistro: 48421
Data envio: 28/01/2026 18:11:33.138

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 18:11:34**

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:14:37
Nº Rexistro: 48422
Data envio: 28/01/2026 18:14:37.939

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 28/01/2 18:14
Por Daniel Castro Ga

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á situación da frota do cerco e de artes menores de Galiza, agravada pola falta de cota de sardiña.

Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 28/01/2026 ás 18:13
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai exactamente un ano, o Grupo Parlamentario do BNG denunciaba no Parlamento galego e tamén no Congreso dos Deputados a situación da frota galega do cerco e de artes menores diante da falta de cota de sardiña.

Daquela, na Comisión de Pesca do 15 de outubro, aprobaramos por unanimidade de todos os Grupos da Cámara galega unha serie de propostas para tratar de paliar a dramática situación da frota do cerco e de artes menores, que se daba pola conxunción dunha escaseza das principais especies peláxicas, os custos case imposíbeis de cubrir por mor das cotas asignadas cada vez menores, ao que había que engadir prezos en orixe á baixa.

Asinado o día 28/01/2026 ás 18:13
Por Rosana Pérez Fernández

Pois ben, un ano despois, volven estar practicamente na mesma situación e as distintas administracións persisten tamén en levar a cabo unha xestión, por acción ou por omisión, que non prioriza o equilibrio ambiental, social e económico do sector e que segue amosando un desleixo total cara a pesca como subministradora de alimentos e como base da economía de moitas das comarcas do noso país.

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, comezou este ano coa publicación no BOE do 31 de xaneiro da Resolución da Secretaría Xeral de Pesca pola que se establece a ordenación da pesquería da sardiña ibérica para as zonas 8c e 9a para 2025. Do reparto entre Portugal e España (66,5% para 132 embarcacións e 33,5%, respectivamente), que sumaba un total de 51.738 toneladas autorizadas, resultaron 17.332 toneladas para a segunda, das que 10.132 asignáronselle ao caladoiro do Cantábrico Noroeste (o 58,4% do total para arredor de 230 barcos, 140 deles galegos) , 445 para as artes menores que empregan o xeito e 6.755 (o 39% do total para 59 barcos) ao cerco do Golfo de Cádiz.

Tradicionalmente, o cerco do Cantábrico e Noroeste ten necesidades de consumo superiores á cota que se lles asigna, mentres que o xeito e o Golfo de Cádiz, que non chegan a consumila, veñen aportando o seu sobrante ao mecanismo de optimización (ou "bolsa común") mediante o que, finalmente, se reasignan as cotas non consumidas.

Mais, ata que ese momento non chega -que viña sendo en outubro e este ano marcouse en setembro -, os cerqueiros do Cantábrico e Noroeste vense na obriga de empregar as chamadas -eufemisticamente- transmisións ou transferencias temporais que non son máis que a compra de cota ao cerco do Golfo de Cádiz. Este ano, ademais, o Ministerio regulou, por Resolución no mes de marzo) o ritmo de consumo "para evitar o esgotamento prematuro" que vén tendo lugar nos últimos anos, de xeito que os barcos autorizados puideron descargar 2.500 quilos por xornada de pesca e barco (no 2024 permitíanselles 3.200) dende o comezo da campaña (20 de marzo) ata o 31 de maio e a partir desa data (e ata o remate da mesma o 20 de novembro), semanalmente cun límite de 10.000 quilos. Isto no caso dos barcos máis grandes, o resto tiveron 1.700 quilos por día e barco na primeira parte da campaña e 7.500 na segunda.

Aínda así, e en contra das alegacións do propio sector, no mes de agosto tivo que rectificar e modificar á baixa o cupo, recortándoo a 6.000 quilos para os cerqueiros



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis grandes e a 4.000 para os demais., cando xa levaban consumido o 100% da cota fronte ao 50% da frota do Golfo de Cádiz, que xa levaba vendidas 3.000 toneladas ao Noroeste, confirmando unha vez máis que, igual que nos últimos anos, a cota asignada aos cerqueiros de Galiza e do resto do Cantábrico volve ser totalmente insuficiente.

Tamén no mes de agosto o Estado español consegue outras 1.500 toneladas de sardiña transferidas de Portugal, como outros anos, a cambio doutras especies e delas asígnalle 1.251 á frota do Cantábrico e Noroeste e 234 ao Golfo de Cádiz, malia que xa levaban semanas vendendo cota aos cerqueiros do Cantábrico por un total de 3.000 toneladas.

Finalmente, e despois das 1.500 toneladas obtidas en Portugal, o Ministerio tivo que pechar a pesquería da sardiña o 18 de agosto a todos os cerqueiros galegos e do resto do Noroeste, agás aos barcos que compraran cupos no Golfo de Cádiz e que aínda dispoñían deles que deciden como, cando e canta pescan.

Malia a abundancia de bocarte e sardiña nas costas galegas, a situación a esa altura era: A pesquería da anchoa pechada na zona 9a (de Fisterra ao Golfo de Cádiz) dende o día 11, escaseza de xurelo, peche da sardiña, sen máis intercambios (swap) desta especie con Portugal e sen ter activado aínda o mecanismo de optimización. O resultado: A frota comeza a amarrar a porto.

Polo tanto, a inxustiza que vén denunciando sistematicamente o sector e que o BNG ten trasladado a este Parlamento e a Congreso, continúa, sen que a Administración destine máis cota a quen ten máis frota e máis necesidades da mesma. Tampouco hai cambios no convenio bilateral entre España e Portugal, onde a distribución do 66,5/33,5% é, atendendo ao número de buques en cada caso, totalmente desequilibrada. E, de acordo co estado da biomasa e a abundancia de sardiña, tampouco hai avances importantes no incremento inicial de cotas, aínda téndose incrementado este ano nun escaso16% a respecto do anterior.



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai o Goberno galego da situación que están a vivir as frotas de cerco e artes menores de Galiza agravada pola falta de cota de sardiña?

. Que medidas ten levado a cabo dende o pasado 15 de outubro, data na que o Parlamento galego aprobou por unanimidade a iniciativa do Grupo Parlamentar do BNG na que se instaba á Xunta de Galiza a desenvolver un conxunto de accións determinadas para paliar a situación da frota do cerco e de artes menores de Galiza por falta de cota de sardiña, entre outras razóns?

. Que medidas vén poñendo en práctica para evitar o seu amarre e a perda de traballos que implicaría?

. Que valoración fai do acordo entre os Estados español e portugués para o reparto da sardiña ibérica? Levou a cabo algunha actuación para que poida modificar e resultar máis equilibrado?

. Que valoración fai da distribución entre distintas zonas da cota de sardiña que corresponde ao Estado español? Que accións desenvolveu, ou vai desenvolver, para evitar que siga resultando discriminatorio para a frota galega?

. Considera que o actual sistema de compravenda/ transferencia/ transmisión de cotas da sardiña debe ser eliminado da normativa vixente, por supoñer un lucro particular dun ben público como son os recursos pesqueiros? Se é así, que medidas tomou para tratar de que se efectivice a súa eliminación?

. Atendendo ao bo estado actual da biomasa, que accións vai desenvolver diante do Goberno estatal e da Unión Europea para que se incremente o TAC da sardiña de cara a 2026?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:14:37
Nº Rexistro: 48422
Data envio: 28/01/2026 18:14:37.939

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 28/01/2026 18:13:49**

**Carmela González Iglesias na data 28/01/2026 18:13:59**

**Daniel Castro García na data 28/01/2026 18:14:06**

**Óscar Insua Lema na data 28/01/2026 18:14:16**

**Paulo Ríos Santomé na data 28/01/2026 18:14:26**

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:14:37
Nº Rexistro: 48422
Data envio: 28/01/2026 18:14:37.939

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 18:14:39**

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:17:28
Nº Rexistro: 48423
Data envio: 28/01/2026 18:17:28.249

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 28/01/2 18:16
Por Daniel Castro Ga

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás demandas dos pescadores recreativos galegos a respecto do proxecto de Real Decreto polo que se regulan as medidas de xestión dos recursos pesqueiros.

Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 28/01/2026 ás 18:16
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2018 publicouse o que aínda hoxe é practicamente o único estudo científico que avalía o peso económico, social e ecolóxico da pesca recreativa en Galiza. Elaborado por investigadores da Universidade de Santiago, do Campus do Mar, do *Centre for Environment, Fisheries and Aquaculture Science* do Renio Unido e das universidades portuguesas de Minho, Aveiro e Algarve, foi, segundo as súas propias declaracións, "o primeiro intento exhaustivo de describir e analizar" a pesca recreativa en augas galegas e, aínda que recoñecen que "se necesita máis información sobre esta práctica para apoiar á Administración", ofrece algúns datos dos que se pode concluír que a actividade é relativamente importante no noso país.

Asinado o día 28/01/2026 ás 18:16
Por Rosana Pérez Fernández

Por exemplo, estimouse que había naquela altura uns 60.000 (61.850 rexistrados pola Consellaría de Mar no 2019) afeccionados á pesca recreativa en Galiza. Que, no seu conxunto, investían arredor de 86 millóns de euros ao ano en artes de pesca e outros gastos e que os propietarios de embarcacións gastaban outros 11 millóns. Tamén que a captura recreativa anual era de arredor de 7.500 toneladas, que representaban entre o 5 e o 13% dos desembarcos comerciais totais en Galiza. A todo isto súmase a demanda de

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:17:28
Nº Rexistro: 48423
Data envio: 28/01/2026 18:17:28.249

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

insumos intermedios doutras ramas da economía galega por pescadores recreativos, que contribuía con outros 39 millóns de euros. Finalmente, a porcentaxe de pescadores recreativos en canto á poboación total era do 2,2%.

Todos estes datos, e moitos outros contemplados no estudo, levaron aos propios investigadores a afirmar que "son necesarias decisións de xestión coidadosas para garantir o crecemento e o desenvolvemento sustentábel da actividade en Galiza".

E, neste sentido, o colectivo xa está supeditado na actualidade a numerosas regulacións estritas, que proveñen nalgúns casos da incorporación dos regulamentos da UE, cuxa finalidade é a preservación dos recursos.

No entanto, algúns dos aspectos recollidos agora no proxecto de Real Decreto polo que se regulan as medidas de xestión dos recursos pesqueiros, que nestes momentos permanece a exposición pública, ata o vindeiro 20 de setembro, por parte do Ministerio de Agricultura e Pesca, non están sendo ben recibidos polo colectivo de pescadores recreativos.

Trátase daqueles que regulan nomeadamente a pesca recreativa en augas exteriores e que consideran desproporcionados e discriminatorios, moi particularmente a prohibición total da pesca da robaliza e as limitacións sobre outras especies como o polbo. Poñen de manifesto, e así llo fixeron saber ao propio Ministerio nunha reunión mantida esta mesma semana, que non houbo ningún tipo de diálogo con eles para a elaboración da norma e moito menos consenso. E suliñan que descoñecen a orixe das prohibicións que agora se lles impoñen, xa que non lles constan informes científicos que as avalen nin lles foron facilitados polo Ministerio.

Se temos en conta os datos económicos e sociais expostos máis arriba, poderíase ver afectado de xeito directo un número significativo de persoas e de xeito indirecto



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

moitas outras que desenvolven actividades económicas fundamentalmente arredor da pesca marítima recreativa.

Por tanto, debera ser obxectivo do Ministerio de Pesca priorizar o diálogo cos colectivos afectados, explicar con claridade a normativa agora en exposición pública e aportar os estudos e informes nos que se basea e, finalmente, tratar de que o Real Decreto resultante sexa o menos lesivo e o máis xusto posíbel.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Coñece o Goberno galego o proxecto de Real Decreto neste momento a exposición pública polo que se regulan as medidas de xestión dos recursos pesqueiros? De ser así, que valoración fai do mesmo?

. Considera que se están a ter en conta, ademais dos ambientais, os aspectos sociais e económicos do sector pesqueiro en xeral e do recreativo en particular?

. Ten achegado algunha consideración sobre o mesmo ao Ministerio de Pesca? De ser así, cais concretamente?

. Coñece a valoración que fan os colectivos de pescadores recreativos de Galiza sobre o proxecto de Real Decreto? De ser asi, concorda con elas?

. Vai levar a cabo algunha actuación para tentar que se recollan no Real Decreto definitivo as aportacións destes colectivos? De ser así, cais exactamente?

. Vai procurar que sexan recibidos polo Ministerio de Pesca, co obxecto de achegaren posturas sobre determinados aspectos do proxecto de Real Decreto?



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten coñecemento da existencia de informes ou estudos científicos nos que se basean as prohibicións de capturas de determinadas especies para a pesca recreativa en augas exteriores?

. Que actuacións vai levar a cabo para poñer en valor a relevancia da pesca marítima recreativa en Galiza e dos sectores económicos que se moven ao seu arredor?

. Ten elaborado, ou encargado a elaboración, dalgún estudo sobre o impacto da pesca marítima recreativa no noso país?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:17:28
Nº Rexistro: 48423
Data envio: 28/01/2026 18:17:28.249

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 28/01/2026 18:16:24

Carmela González Iglesias na data 28/01/2026 18:16:35

Daniel Castro García na data 28/01/2026 18:16:41

Óscar Insua Lema na data 28/01/2026 18:16:53

Paulo Ríos Santomé na data 28/01/2026 18:17:01

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:17:28
Nº Rexistro: 48423
Data envio: 28/01/2026 18:17:28.249

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 18:17:29**

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:20:44
Nº Rexistro: 48424
Data envío: 28/01/2026 18:20:44.903

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 28/01/2 18:20
Por Daniel Castro Ga

Asinado o día 28/01/2026 ás 18:19
Por Carmela González Iglesias

Asinado o día 28/01/2026 ás 18:19
Por Rosana Pérez Fernández

Por Paulo Ríos Santomé

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á mellora do funcionamento e á dotación de persoal suficiente no ISM e nas capitanías marítimas en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tanto as capitanías marítimas como os distintos servizos que presa o Instituto Social da Mariña-ISM, preséntanse como organismos esenciais no desenvolvemento áxil e correcto de gran parte das actuacións que teñen que levar a cabo os traballadores e traballadoras do mar en Galiza.

No entanto, en ambos os dous casos o propio sector e tamén este Grupo Parlamentario véñense facendo eco ao longo dos últimos anos dunha perda progresiva de persoal e mesmo de peche de servizos nalgunhas zonas e, polo tanto, dun empeoramento da atención que afecta dun xeito importante e causa contratempos que urxe corrixir.

No caso do ISM, máis alá da mingua no cadro de persoal das súas oficinas, da falta de oferta de prazas nos cursos, mesmo obrigatorios para que os traballadores e traballadoras do mar poidan desempeñar o seu traballo, da falta de facultativos en distintos en distintos puntos para levar a cabo os recoñecementos previos ao embarque, danse casos incluso dunha demora intolerábel na tramitación de pensións de xubilación e viuvez.



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:20:44
Nº Rexistro: 48424
Data envio: 28/01/2026 18:20:44.903

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Situacións como as vividas recentemente en Camariñas, coas dependencias pechadas durante semanas por falta de cobertura da praza, a previsión dun sistema para realizar os recoñecementos médicos a distancia por falta de persoal médico presencial, ou a esixencia de que as tripulacións conten cun certificado de ter superado un curso de formación sanitaria para o que non hai ningunha praza ata o mes de novembro impedíndoselle enrolarse, como está a pasar na área da Capitanía Marítima de Vilagarcía, só se explican por un total desleixo da Administración, por unha falta de planificación e unha infradotación de persoal que causa un grave prexuízo a máis de 18.000 afiliados e afiliadas ao réxime especial do mar en Galiza, case un terzo dos de todo o Estado, e que se suman ao número cada vez maior de obstáculos que teñen que sortear para poder levar a cabo o seu traballo cada día.

Por outra banda, o novo regulamento de Ordenación da Navegación Marítima, que entrou en vigor o pasado 15 de agosto, impuxo unha serie de cambios administrativos que obrigan ao despacho dixital e ao rol electrónico, que substitúe agora ao selado presencial nas Capitanías da libreta de navegación.

Procedementos que, a priori, van na dirección de facilitar e axilizar as distintas tramitacións que se viñan levando a cabo nas Capitanías de xeito presencial mais aos que lles cómpre un proceso de tempo de formación e de adaptación que non se tivo en conta, máxime nun país onde, segundo a enquisa Ocupesca 2023 da Xunta de Galiza, o 66,75% da poboación ocupada na pesca en Galiza está entre 35 e 54 anos e onde a de 55 anos ou máis xa suma o 17,16%, por enriba da de entre 16 e 34 anos (16,09%).

En definitiva, un importante volume de traballo que diminúe de xeito proporcional nas Capitanías e nos Distritos mentres aumenta sensibelmente para os traballadores e traballadoras directamente afectados, moitos deles sen preparación dixital algunha, e para as Confrarías, que xa veñen realizando dende hai tempo o traballo que en moitos casos corresponde á propia Administración.



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:20:44
Nº Rexistro: 48424
Data envio: 28/01/2026 18:20:44.903

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que actuacións levou a cabo o Goberno galego nos últimos anos para tentar o impedimento do peche de servizos do ISM en Galiza? Que tipo de colaboración ten ofrecido ao Goberno do Estado nese sentido?

. Que actuacións levou a cabo para tentar o mantemento, co persoal facultativo necesario, dos centros de sanidade marítima do ISM en Galiza? Ten ofertado algún tipo de colaboración ao Goberno do Estado a este respecto? De ser así, cal?

. Existe algún tipo de convenio entre o Goberno do Estado e o SERGAS para efectuar os recoñecementos médicos previos ao embarque aos traballadores e traballadoras do mar? De ser así, en que consiste exactamente? De existir, como valora o seu desenvolvemento?

. Que valoración fai dos cursos do ISM e da xestión dos mesmos en Galiza? Existe algún tipo de coordinación entre o ISM e a Xunta de Galiza respecto dos cursos a desenvolver por ambas as dúas administración?

. Coñece a problemática que está a causar a entrada en vigor do regulamento de Ordenación da Navegación Marítima para traballadores e traballadoras do mar e para as Confrarías? Ten previsto poñer en marcha algunha medida que palíe as dificultades que están a ter? De ser así, cal?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:20:44
Nº Rexistro: 48424
Data envio: 28/01/2026 18:20:44.903

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 28/01/2026 18:19:28

Carmela González Iglesias na data 28/01/2026 18:19:46

Daniel Castro García na data 28/01/2026 18:20:07

Óscar Insua Lema na data 28/01/2026 18:20:21

Paulo Ríos Santomé na data 28/01/2026 18:20:29

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:20:44
Nº Rexistro: 48424
Data envio: 28/01/2026 18:20:44.903

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 18:20:45**

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:23:24
Nº Rexistro: 48425
Data envío: 28/01/2026 18:23:24.672

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á exclusión do palangre da consideración de arte de fondo e ás actuacións para evitar a ampliación das 87 vedas ás artes de fondo impostas pola CE no Atlántico nororiental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A decisión de prohibir as artes de fondo en 87 caladoiros do Atlántico nororiental, tomada pola Comisión Europea en setembro de 2022, afecta, polo de agora, a 17.000 quilómetros cadrados por baixo dos 400 metros en augas de Portugal, o Estado español, Francia e Irlanda.

Aquela decisión, que non contou co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo, que se tomou tendo como referencia informes científicos e técnicos con datos de dez anos antes, sen ningún tipo de diálogo nin co sector nin cos estados afectados e sen avaliación socioeconómica sobre o seu impacto, vén de ser refrendada no pasado mes de xuño por sentenza do Tribunal de Xustiza da UE, que desestima os recursos que interpuxeran a OPP de Burela e o Estado español.

Nunha sentenza tan polémica e tan inexplicábel como a propia decisión da CE, condénase a todas as artes de fondo por igual, sen ter en conta os efectos de cada unha delas nos Ecosistemas Mariños Vulnerábeis (EMVs), establecendo unha tábula rasa que



Asinado o día 28/01/2026 18:22 Por Daniel Castro Ga
Asinado o día 28/01/2026 ás 18:22 Por Carmela González Iglesias
Asinado o día 28/01/2026 ás 18:22 Por Rosana Pérez Fernández
Por Paulo Ríos Santomé
CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:23:24
Nº Rexistro: 48425
Data envio: 28/01/2026 18:23:24.672

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pon ao mesmo nivel o arrastre de fondo e o palangre, aínda recoñecendo que o impacto das artes fixas sobre os ecosistemas "é potencialmente menor".

Tampouco ten en conta as consecuencias sociais e económicas que implica a decisión da CE, non respectando dun xeito palmario o establecido na propia Política Pesqueira Común e moito menos a sentenza do mesmo Tribunal de xaneiro de 2024, que apoiou a decisión que tomara a UE a respecto de fixar as cotas dunha serie de especies atendendo non só á sostibilidade medioambiental, senón tamén á social e á económica.

O Estado español ten neste momento recorrida a sentenza, mais o ministro de Pesca anunciou dende o primeiro momento en que se coñeceu que actuaría pola vía política no sentido de que a CE modifique o regulamento sobre EMVs e se exclúa ao palangre da consideración de arte de fondo.

E mentres seguen sen existir informes que avalen o impacto do palangre nos ecosistemas, tal e como recoñecía o Comité Científico Técnico e Económico de Pesca-STECF, asesor da CE, ou o Consello Consultivo para as Augas Occidentais Austrais-CC Sur, en sendos informes deste mesmo ano, a directora xeral de Asuntos Marítimos e Pesca  da CE vén de abrir a posibilidade á ampliación de zonas vedadas a 104 ou incluso 115.

Estas ampliacións, segundo o Consello Internacional para a Exploración do Mar-ICES, afectarían a máis de 9.700 quilómetros cadrados no primeiro caso e a máis de 14.300 no segundo e, en ambos os dous, localizaríanse nunha gran parte en augas próximas a Portugal e España e terían agora consecuencias directas e moi graves tamén sobre a frota artesanal e de litoral, ademais de consumar a práctica desaparición do palangre ou, o que é o mesmo, a desaparición dunha arte de pesca selectiva, sostíbel e xeradora de emprego nas zonas costeiras de Galiza.



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:23:24
Nº Rexistro: 48425
Data envio: 28/01/2026 18:23:24.672

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai o Goberno galego da posibilidade de ampliación das actuais 87 zonas vedadas no Atlántico nororiental á pesca de fondo?

. Que actuacións levou ou vai levar a cabo para evitala?

. Que valoración fai da sentenza do TXUE do pasado mes de xullo que desestima os recursos do Estado español e da OPP de Burela contra a prohibición da CE das artes de fondo en 87 zonas do Atlántico nororiental?

. Que actuacións levou ou vai levar a cabo para minimizar as consecuencias que implica a para a frota de artes de fondo galega?

. Dispón de informes propios que avalíen o impacto das distintas artes de fondo sobre os ecosistemas  mariños vulnerábeis? De ser así, cais son as conclusións dos mesmos?

. Elaborou informes sobre o impacto socioeconómico que xa está a ter a decisión da Comisión Europea dende o ano 2022? De ser así, cais son os principais datos que se desprenden dos mesmos?

. Vai sumarse ao recurso presentado polo Estado español á setenza do TXUE?

. Que medidas de apoio á frota do palangre de fondo galega puxo en marcha dende 2022?

. Está a elaborar informes sobre o impacto social e económico que tería en Galiza a ampliación das vedas actuais?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:23:24
Nº Rexistro: 48425
Data envio: 28/01/2026 18:23:24.672

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 28/01/2026 18:22:43**

**Carmela González Iglesias na data 28/01/2026 18:22:50**

**Daniel Castro García na data 28/01/2026 18:22:56**

**Óscar Insua Lema na data 28/01/2026 18:23:02**

**Paulo Ríos Santomé na data 28/01/2026 18:23:14**

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:23:24
Nº Rexistro: 48425
Data envio: 28/01/2026 18:23:24.672

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 18:23:30

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:26:45
Nº Rexistro: 48428
Data envio: 28/01/2026 18:26:45.549

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás actuacións do goberno galego para comezar a recuperación biolóxica e de produtividade das rías galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día cinco de xuño tomou posesión a actual conselleria de Mar ata ese momento directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, departamento do que dependen directamente multitude de aspectos relacionados coa actividade marisqueira.

Así, dende o seu novo posto, unha das primeiras reunións que levou a cabo foi cos representantes das federacións de confrarías, aínda que non trascendeu ningunha reunión específica cos e cas representantes das agrupacións de mariscadores e mariscadoras.

No entanto, nun encontro realizado entre a propia conselleira e a Comisión Mar-Industria da Confederación de Empresarios de Galiza (CEG) pouco máis dun mes despois da súa toma de posesión, segundo se fixo público si se trataron aspectos relativos á situación do marisqueo no noso país.

E, do mesmo xeito que a Comisión da CEG xa trasladara no mes de xullo do pasado ano ao conselleiro dimitido, insiste agora en que non aprecian "unha reacción proactiva por parte dos actores principais" á hora de paliar a "imparábel caída da produción de bivalvo" e propón "impulsar cambios na operativa do sistema de



Asinado o día 28/01/2 18:26 Por Daniel Castro Ga
Asinado o día 28/01/2026 ás 18:26 Por Carmela González Iglesias
Asinado o día 28/01/2026 ás 18:25 Por Rosana Pérez Fernández
Por Paulo Ríos Santomé
CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:26:45
Nº Rexistro: 48428
Data envio: 28/01/2026 18:26:45.549

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

produción marisqueira, que non está sendo capaz de enfrontar a nova realidade que asola ao marisqueo.

A Consellería de Mar reitera cada vez que ten ocasión, tamén en sede parlamentaria, que Galiza ten un sistema de cogobernanza, a través de plans de xestión elaborados polo propio sector. Tal é así, que a propia conselleira informou ao comisario de Pesca na súa recente visita a Galiza deste sistema “que rexe na xestión pesqueira da comunidade”.

Polo tanto, nese sistema de cogobernanza tan loado polos máximos representantes da Consellaría, ela mesma ten responsabilidades considerábeis, ademais das competencias exclusivas na materia, na xestión dos recursos marisqueiros e na evolución da súa produción. En palabras da propia CEG, a Consellaría de Mar sería un “actor principal” para frear a “imparábel caída de produción de bivalvo”.

Mais si é certo que a situación do sector marisqueiro en Galiza leva anos deteriorándose, agravándose a pasos axigantados e sendo denunciada en innumerábeis ocasións polo propio sector sen que a Consellaría reaccione e sexa quen de tomar decisións firmes e de dispoñer dos recursos orzamentarios suficientes para evitar, precisamente, que continúe a perda de recursos e de postos de traballo que, evidentemente, tamén afecta á parte da industria da cadea.

Nese mesmo sentido, tampouco foi quen ata o de agora de atender ningunha das solicitudes deste Grupo Parlamentario ao respecto, nin sequera de dar cumprimento ás recollidas en distintos acordos parlamentarios unánimes, dirixidos a poñer as bases para unha mellora paulatina da debacle produtiva das nosas rías.

Polo tanto, as valoracións da CEG, en presenza da propia conselleira, poñendo de novo en cuestión o actual modelo de xestión marisqueira son outra proba máis da



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:26:45
Nº Rexistro: 48428
Data envio: 28/01/2026 18:26:45.549

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

extrema crise que afecta ás rías galegas e que vai moito máis alá da grave incidencia que xa vén tendo dende hai tempo no primeiro elo da cadea, os produtores e produtoras.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai o Goberno galego da situación actual de perda continuada de produtividade das rías galegas?

. Que valoración fai da situación actual dos traballadores e traballadoras do mar en Galiza respecto da perda de produtividade das rías, nomeadamente da referida ao sector marisqueiro?

. Que actuacións vai poñer en marcha para a recuperación biolóxica e de produtividade das rías galegas? En que prazo?

. Que valoración fai do actual modelo de xestión marisqueira no noso país? Ten previsto levar a cabo, a curto ou a medio prazo cambios nese modelo? Des ser así, en que sentido?

. Coincide coa Comisión Mar-Industria da CEG en que os "actores principais", é dicir, a Consellaría de Mar e o sector, non están sendo "proactivos" á hora de paliar a importante mingua de produción de bivalvos?

. Que "cambios" propuxo a CEG á conselleira de Mar na reunión que mantiveron o pasado mes de xullo "na operativa do sistema de produción marisqueira" que, segundo ela, "non está sendo capaz de enfrontar a nova realidade que asola ao marisqueo"?

. Cal foi a resposta da conselleira de Mar a esas consideración na reunión nas que se fixeron e na que ela mesma estaba presente?



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que actuacións ten realizado, e vai realizar, para implementar os acordos unánimes do Parlamento galego do pasado 19 de novembro de 2024? De ser o caso, cando as vai poñer en marcha?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:26:45
Nº Rexistro: 48428
Data envio: 28/01/2026 18:26:45.549

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 28/01/2026 18:25:58**

**Carmela González Iglesias na data 28/01/2026 18:26:07**

**Daniel Castro García na data 28/01/2026 18:26:14**

**Óscar Insua Lema na data 28/01/2026 18:26:24**

**Paulo Ríos Santomé na data 28/01/2026 18:26:34**

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:26:45
Nº Rexistro: 48428
Data envio: 28/01/2026 18:26:45.549

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 18:26:46

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:29:18
Nº Rexistro: 48429
Data envío: 28/01/2026 18:29:18.358

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 28/01/2026 ás 18:28
Por Óscar Insua Lema
Asinado o día 28/01/2026 ás 18:28
Por Carmela González Iglesias
Asinado o día 28/01/2026 ás 18:28
Por Rosana Pérez Fernández
Por Paulo Ríos Santomé
CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Oscar Insua Lema**, **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á reclamación de medidas sobre os bidóns e os residuos radioactivos depositados fronte ás costas galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno ordinario do pasado 9 de xullo, a conselleira de Medio Ambiente respondía á pregunta deste Grupo Parlamentar sobre "que actuacións desenvolveu e vai desenvolver o Goberno galego para que se investiguen e se leven a cabo controis sobre o estado dos residuos radioactivos na fosa atlántica e se avalíen os riscos dos mesmos", tachándonos de alarmistas e acusándonos de intraquilizar á poboación, mais en toda a súa intervención só foi quen de sinalar unha única actuación levada a cabo dende a Xunta de Galiza: Dirixirse por escrito, o pasado 26 de xuño, ao Consello de Seguridade Nuclear, "que é o organismo competente en materia de protección radiolóxica no Estado", para "reclamar información".

A resposta, do 1 de xullo, do Consello de Seguridade Nuclear, segundo a mesma conselleira, afirma "que os niveis de radioactividade están moi por debaixo do fondo radiolóxico natural e por debaixo dos límites legais e dos niveis considerados nocivos".

Non deixa de abraiar que ante a pregunta de que vai facer o Goberno galego para que se investiguen e se controle o estado dos residuos radioactivos depositados

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:29:18
Nº Rexistro: 48429
Data envío: 28/01/2026 18:29:18.358

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fronte ás costas galegas, a Xunta se conforme cun escrito que non dá resposta a ningunha das dúas cuestións.

Dito doutro xeito, do escrito do Consello de Seguridade Nuclear non se desprenden cales son as accións que se levan a cabo para investigar en que estado se atopan os residuos radioactivos da fosa atlántica e moito menos cales son as que se implementan para controlalo.

Mesmo un dos propios responsábeis da misión francesa Nodssum, levada a cabo polo buque oceanográfico L'Atalante entre o 16 de xullo e o 11 de xullo deste ano, manifestou ao remate da mesma que "como non hai detalle do contido (dos bidóns), o risco de que haxa algo perigoso non se pode desbotar". Unha expedición, por certo, que vén de realizarse nada menos que 20 anos despois da última, que fora auspiciada polo Organismo Internacional da Enerxía Atómica en 2005 e que só consistiu nunha toma de mostras superficial.

Tampouco existen datos do estado dos bidóns, xa que a propia UE negouse a liderar unha inspección a fondo dos mesmos no 2023 e os científicos da recente misión Nodssum afirman que "o nivel de radioactividade deses refugallos achados será algo que se determine a posteriori, unha vez analizados no laboratorio. Tardaremos meses, porque levamos moito material".

Malia a falta de datos concluíntes, a Conselleira de Medio Ambiente do Goberno galego aínda foi quen de afirmar naquel Pleno que "eles (o Goberno do Estado) teñen unha obriga e esa obriga é realizar de maneira continuada a vixilancia radiolóxica ambiental en todo o litoral español", sen ter en conta que os refugallos sitúanse a máis de 600 quilómetros do litoral galego, en augas internacionais, e a unha profundidade de entre 4.500 e 5.000 metros.



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto, á vista dos escasos datos existentes, ao noso entender ningún Goberno, tampouco o galego, pode ter a certeza de cal é -exacta ou aproximadamente- o estado dos residuos radioactivos da fosa atlántica, polo que a necesidade de investigalo e controlalo obxectivamente existe.

E tanto é así que o propio presidente da Xunta reclamou, o pasado 1 de xullo, publicamente ao Goberno do Estado a "máxima información" sobre os residuos radioactivos e afirmou que os Executivos españois deberían nestes anos "ter monitorizado" eses bidóns.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai o Goberno galego das súas propias actuacións nos últimos 16 anos a respecto de ter a máxima información sobre os residuos radioactivos depositados dende os anos 50 ata 1982 fronte ás costas galegas?

. Realizou en todos estes anos algunha solicitude de investigación e control dos refugallos radioactivos ao Goberno do Estado, a algún organismo da súa competencia ou a algún organismo europeo ou internacional? De non ser así, por que razón non o fixo?

. Máis alá de unicamente dirixirse por escrito, o pasado 26 de xuño, ao Consello de Seguridade Nuclear para solicitarlle información, desenvolveu algunha outra actuación antes ou despois desa data?

. Considera que a información que ten neste momento no seu poder é suficiente para coñecer o estado dos bidóns e dos residuos radioactivos que conteñen e polo tanto para ter a certeza de ausencia de riscos?



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten coñecemento de se se realizou algún informe ou estudo do estado dos residuos e dos bidóns que os conteñen nos últimos anos por parte do Goberno do Estado ou algún outro organismo estatal ou internacional?

. Está disposto a adoptar as medidas para que se realicen inspeccións e monitorizacións dos mencionados residuos radioactivos por parte da Administración competente? De ser así, cando?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:29:18
Nº Rexistro: 48429
Data envio: 28/01/2026 18:29:18.358

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 28/01/2026 18:28:24
Carmela González Iglesias na data 28/01/2026 18:28:33
Óscar Insua Lema na data 28/01/2026 18:28:46
Daniel Castro García na data 28/01/2026 18:28:54
Paulo Ríos Santomé na data 28/01/2026 18:29:02

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
localizada posteriormente e cada vez con máis frecuencia noutros puntos como na Lanzada, Vigo, Culleredo ou a costa do Barbanza, entre outros.

É obvio que a detección de cada vez máis especies invasoras nas nosas costas obriga ás administración a intensificar os controis e a realizar un seguemento xeral, non só polo impacto ecolóxico que sen dúbida producen senón tamén pola afectación económica que conleva.

En moitos dos casos aínda está por demostrar cais serían as consecuencias precisas nas nosas rías, mais os científicos coinciden en que a previsión e a detección temperá é fulcral para evitar problemas máis serios.

Se temos en conta, ademais, a situación de importante perda de produtividade nas rías galegas e a repercusión nelas das consecuencias que xa está a ter o cambio climático, o seguemento e control e as medidas de mitigación dunha indesexada expansión que puidera ameazar a diversidade e os intereses económicos deben converterse nunha prioridade para as Consellarías implicadas, nomeadamente para a de Mar.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que balanzo fai o Goberno galego das políticas de control e xestión das especies invasoras que está a levar a cabo, nomeadamente no medio mariño e nas costas galegas?

. Das accións que desenvolveu, cais foron os resultados?

. Considera que é prioritario previr, detectar, vixiar e erradicar as especies invasoras nas rías galegas?



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Se é así, que actuacións ten levado a cabo, e cais vai realizar nesa dirección? Con que partidas orzamentarias e de que contía?

. Tendo en conta a importancia da actividade pesqueira, marisqueira e da miticultura no noso país, que directrices concretas ten estipulado a respecto desas especies invasoras e potencialmente moi perigosas?

. Ten analizado a incidencia das devanditas especies invasoras na biodiversidade mariña das rías galegas e a súa posíbel influencia na xa grave perda de produtividade de determinadas especies, nomeadamente dos bivalvos? De ser así, que medidas se están a implementar para minimizar o impacto?

. Ten posto en marcha algún programa de contención das poboacións de especies invasoras no medio mariño que palien ou eliminen os seus impactos negativos, así como de favorecemento da posterior recuperación dos ecosistemas? De non ser asi, por que razón?

. Que actuacións ten previsto levar a cabo para implicar á poboación, nomeadamente ao sector do mar, na loita contra esta amenaza?

. Como están a compatibilizar os e as profesionais do mar a súa actividade coa de loita contra especies invasoras?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48483
Data envio: 29/01/2026 08:59:54.956

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 29/01/2026 8:59:30**

**Luis Bará Torres na data 29/01/2026 8:59:41**

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48483
Data envio: 29/01/2026 08:59:54.956

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 8:59:55**

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48484
Data envío: 29/01/2026 09:02:45.387

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á necesidade de avaliar o impacto ambiental, económico e social que supoñería para o río Ulla e a ría de Arousa a reapertura da mina de Touro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ría de Arousa e o río Ulla forman unha unidade eco-xeográfica, na que o que acontece no río augas arriba, ten as súas consecuencias augas abaixo na ría.

Desde o punto de vista dos sectores produtivos, esta relación é importantísima. O Ulla achega auga doce fría e rica en nutrientes que favorece a produción de bivalvos e a riqueza dos Lombos do Ulla. A realidade catastrófica deste banco marisqueiro desde hai anos amosa que o río xa leva moito tempo en mal estado sen que as administracións actúen.

Na actualidade a ría vive unha situación de grave crise produtiva e de incertidume, derivada da conxunción de varios factores.

Por unha banda o debilitamento do afloramento e da renovación das augas da ría como consecuencia da menor intensidade do nordés, provoca a vulnerabilidade dos bivalvos e a súa maior sensibilidade á contaminación e ás baixadas de salinidade, tamén acrecentadas polo descontrol nos desencoros.

Por outra, tamén incide de xeito determinante o desleixo da Xunta de Galiza no exercicio das súas competencias, entre elas o saneamento integral da ría e do río Ulla, a



Asinado o día 29/01/2 09:02
Por Iria Carreira Pazo

Asinado o día 29/01/2026 ás 09:02
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 29/01/2026 ás 09:02
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

rexeneración dos bancos marisqueiros, obrigar a cumprir os parámetros legais de contaminación e que estes sexan máis esixentes, promover o cambio na normativa dos desencoros e cubrir a desprotección das mariscadoras e mariscadores.

O sector primario do mar na ría de Arousa é estratéxico na economía local, polo emprego directo que xera: Mariscadoras a pé, bateeiros, mariñeiros, mariscadores a flote, etc., constitúen un amplísimo colectivo de preto de 20.000 persoas que teñen o seu medio de vida no mar. Un sector que xera ademais empregos estábeis, tamén en épocas de crise, en comparación con outras actividades, tal e como se veu nos anos da crise financeira e da COVID, por exemplo.

O peso do sector da pesca na economía dos dez concellos da ría amosa, segundo o Análise do sector da pesca (IGE, 2023), que del depende, de media, o 18% do seu PIB, acadando unha importancia fulcral en concellos como Ribeira (32,17%), A Pobra do Caramiñal (24,17%), A Illa de Arousa (22,68%), Boiro (22%), ou O Grove (20,73%).

Á importancia económica derivada do sector primario do mar arousán únese o valor social que adquire nos municipios costeiros, onde expande beneficios socioeconómicos entre amplas capas da poboación do entorno local que incentivan a implantación de actividades e pequenos negocios e asenta poboación.

Así mesmo, este conxunto de actividades do mar ten un importante valor desde o punto de vista etnográfico e gastronómico, é sostíbel en termos ambientais e produce peixes e mariscos de calidade que atrae cada vez a máis turistas, que tamén sustentan un volume crecente de pequenos e grandes negocios nas localidades.

Mais todo isto pode verse en risco se se compromete a calidade das augas do río Ulla, o máis determinante para a produtividade marisqueira por ser o máis caudaloso dos que alimentan a ría de Arousa.



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48484
Data envio: 29/01/2026 09:02:45.387

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A recente declaración por parte do Consello da Xunta de Galiza como Proxecto Industrial Estratéxico da mina de cobre San Rafael en Touro e o coñecemento do proxecto, por parte da cidadanía en xeral e do sector do mar e dos concellos ribeireños en particular, está a xerar unha fonda preocupación e moita incertidume pola afectación que tería sobre o modelo socioeconómico maioritario na ría de Arousa e polo risco real para o futuro de miles de familias. Preocupación que quedou plasmada nas máis de dez mil alegacións que veñen de ser presentadas contra a súa reapertura e a un proxecto que é practicamente análogo ao presentado no 2017, que xa supuxo unha forte oposición social e que tivera unha declaración de impacto ambiental negativa por parte da Xunta de Galiza.

Neste contexto chama poderosamente a atención que a Consellaría de Mar non se teña pronunciado en todo este proceso a respecto das consecuencias que podería traer á ría de Arousa a reapertura da mina de Touro para o medio ambiente mariño, para a produción de peixe e marisco, para unha das máis importantes fontes de ingresos e de postos de traballo da zona e, en definitiva, para o conxunto da actividade socioeconómica das comarcas afectadas.

A Consellaría de Mar, con competencias exclusivas en marisqueo, debera ser a principal garante desa riqueza e ter analizado os posíbeis riscos e amenazas que a contaminación derivada da instalación mineira supoñería na cantidade e na calidade da produción pesqueira e marisqueira da ría de Arousa. Mais non só, tal e como adoita esixir noutros moitos casos, debería ter avaliado o impacto ambiental, económico e social que se podería provocar cos vertidos e coa actividade mineira sobre o río Ulla e a ría.

E esa análise tería que ser, finalmente, parte ineludíbel a considerar antes de autorizar calquera actividade desas características.



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48484
Data envio: 29/01/2026 09:02:45.387

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A falta de valoración por parte da Consellaría de Mar resulta incomprensíbel, en particular para o sector do mar e para todas aquelas persoas que vén con inquietude o proceder do Goberno galego nun asunto que debera respectar escrupulosamente a legalidade vixente e que debera priorizar a actividade preexistente na ría de Arousa por enriba de calquera outra, así como o "principio de precaución" para protexer as actividades de pesca, marisqueo e cultivo de mexillón que se realizan nesta ría.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai o Goberno galego, nomeadamente a Consellaría de Mar, do proxecto presentado pola empresa Cobre San Rafael para a reapertura da mina de Touro?

. Considera que as graves afeccións ambientais que se desprenden da súa análise son compatíbeis coa salubridade e o mantemento da calidade das augas no río Ulla e na ría de Arousa?

. Considera que son compatíbeis co mantemento, mellora e potenciamento da actividade produtiva da ría de Arousa?

. Á vista das competencias exclusivas da Consellaría de Mar en materia de marisqueo e de pesca en augas interiores, vai avaliar o impacto ambiental, económico e social que suporía a reapertura da mina de Touro para o río Ulla e a ría de Arousa? De non ser así, por que razón?

. Ten previsto levar levar a cabo algún tipo de medida estrutural para mellorar a calidade das augas e para a rexeneración e reactivación produtiva da ría de Arousa? De ser así, cais concretamente e en que prazo temporal?



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48484
Data envio: 29/01/2026 09:02:45.387

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48484
Data envio: 29/01/2026 09:02:45.387

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 29/01/2026 9:02:07

María Montserrat Prado Cores na data 29/01/2026 9:02:13

Iria Carreira Pazos na data 29/01/2026 9:02:25

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48484
Data envio: 29/01/2026 09:02:45.387

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 9:02:46**

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48485
Data envio: 29/01/2026 09:05:45.769

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á necesidade da elaboración dun protocolo de baleirado e limpeza dos encoros de competencia da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de que distintas entidades, nomeadamente as confrarías, leven décadas reclamando do Goberno galego elaborar un protocolo de baleirado e limpeza de encoros, despois de que este Grupo parlamentario presentase en sede parlamentaria esa mesma proposta en innumerábeis ocasións, despois de que as propias empresas eléctricas leven anos procedendo a abrir comportas e desaugar os encoros en baixa mar poñendo mesmo en risco a vida das persoas, despois de que as mortaldades de marisco dos últimos anos debidas á baixa salinidade das augas deixaran os bancos de moitas zonas do país completamente arrasados, a Xunta de Galiza segue sen tomar nin unha soa medida para evitar a incidencia do baleirado e da limpeza dos encoros nestes casos.

E os estragos volveron ocorrer de novo esta mesma fin de semana, na que a confraría de Noia veuse afectada polas fortes choivas e pola falta de control no baleirado da presa do Tambre. As consecuencias foron máis de 5.000 quilos recollidos de marisco morto sen que o Goberno galego leve a cabo sequera investigacións para saber que ocorreu exactamente, se se pode evitar e/ou minimizar e como.



Asinado o día 29/01/2 09:05 Por Daniel Castro Ga
Asinado o día 29/01/2026 ás 09:05 Por Carmela González Iglesias
Asinado o día 29/01/2026 ás 09:05 Por Rosana Pérez Fernández
Por Paulo Ríos Santomé
CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6 Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48485
Data envio: 29/01/2026 09:05:45.769

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De novo os danos ambientais, económicos e sociais quedan nun segundo plano, de novo as empresas eléctricas seguen a actuar impunemente e, de novo, o Goberno galego continúa sen exercer as súas competencias e sen tomar medidas ao respecto para impedir os incumprimentos sistemáticos e evitar a afectación a un sector produtivo socioeconomicamente fundamental para o país.

O encoro do Tambre, o do Umia, o do Ulla ..., son obxecto de queixas todos os anos por distintos sectores, nomeadamente polo sector marisqueiro e é obriga da Administración galega velar polo cumprimento das normas vixentes e actuar en contra de quen as infrinxe.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

Que valoración fai o Goberno galego da incidencia do baleirado dos encoros da súa competencia nos bancos marisqueiros galegos?

. Que valoración fai da incidencia do baleirado da presa do Tambre nos bancos marisqueiros da ría de Muros e Noia, nomeadamente do levado a cabo na última semana de xaneiro?

. Cal é a razón pola que a día de hoxe non teña aínda tomada a decisión de elaborar o necesario protocolo de baleirado e limpeza dos encoros da súa competencia e dar así cumprimento á lexislación vixente nesa materia?

. Ten previsto levalo a cabo? De ser así, cando?

. Considera que na situación actual dos bancos marisqueiros, calquera alteración na calidade das augas pode ter unha influencia negativa e mesmo irreversíbel?



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai analizar os efectos do baleirado da presa do Tambre na mortaldade de marisco en Noia nesta fin de semana pasada? De ser así, cando? De non ter previsto facelo, por que razón?

. Considera que as empresas xestoras dos encoros deben ter responsabilidades e asumir o pago de compensacións ás persoas afectadas se causan dano á súa contorna e ás rías nos procesos de desaugado e limpeza? De ser así, está disposto a contemplalo no correspondente regulamento?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48485
Data envío: 29/01/2026 09:05:45.769

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 29/01/2026 9:05:02

Carmela González Iglesias na data 29/01/2026 9:05:13

Daniel Castro García na data 29/01/2026 9:05:20

Óscar Insua Lema na data 29/01/2026 9:05:27

Paulo Ríos Santomé na data 29/01/2026 9:05:35

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48485
Data envio: 29/01/2026 09:05:45.769

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 9:05:47**

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48486
Data envío: 29/01/2026 09:08:38.611

Asinado o día 29/01/2 09:08
Por Daniel Castro Ga

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández**, **Carmela González Iglesias**, **Oscar Insua Lema, Daniel Castro García** e **Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás axudas por paralización da actividade do marisqueo a frote reguladas na Orde do 8 de maio de 2024 da Consellaría do Mar.

Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 29/01/2026 ás 09:08
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Orde da Consellaría do Mar do 8 de maio de 2024 pola que se regulan as bases e a convocatoria para o ano 2024 das axudas, en réxime de concorrencia competitiva ás persoas armadoras e non competitiva ás persoas tripulantes, por paralización temporal da actividade marisqueira nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa dos Lombos do Ulla, O Bohído e Cabío, e nos bancos marisqueiros do Plan de xestión de moluscos bivalvos desde embarcación en zonas de autorización aprobado á Confraría de Pescadores de Noia e do Plan de xestión específico conxunto de moluscos bivalvos desde embarcación en zonas de libre marisqueo das confrarías de pescadores de Pontevedra, Lourizán, Raxó, Sanxenxo e Marín, foi publicada no DOG do 15 de maio de 2024.

Estaba dotada cun importe máximo de 7.200.000 euros, distribuído entre as axudas pola paralización temporal da actividade marisqueira das embarcacións afectadas-persoas armadoras (5.200.000 euros) e as axudas pola paralización temporal da actividade marisqueira das embarcacións afectadas-persoas tripulantes (2.000.000 de euros), que podía ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, e a resolución das solicitudes debía emitirse no prazo máximo de catro meses contados dende o día seguinte ao remate do prazo de presentación de solicitudes, é decir, en outubro do 2024.

Asinado o día 29/01/2026 ás 09:07
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48486
Data envío: 29/01/2026 09:08:38.611

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tiña como obxectivo principal compensar os efectos da medida de conservación da veda temporal coas axudas de paralización temporal nos bancos marisqueiros sublitorais xa mencionados.

A Orde tivo unha corrección de erros, publicada no DOG do 4 de xullo do 2024, que non supoñía modificación do prazo de presentación de solicitudes.

Nela, como xa vén sendo habitual, non se tivo en conta o aprobado previamente por unanimidade no Parlamento galego, a iniciativa deste Grupo Parlamentar, na Comisión de Pesca do 7 de maio e, polo tanto, as persoas solicitantes tiveron que acreditar necesariamente os 120 días esixidos de actividade extractiva coas notas de venda realizadas nas lonxas ou centros de venda autorizados.

A convocatoria, malia ser moi demandada polo sector marisqueiro, neste caso de a frote, tardou en chegar 7 meses dende as primeiras e fortísimas choivas dos meses de outubro e novembro de 2023 que causaron tanto dano nos bancos marisqueiros. Ademais, os propios requisitos establecidos nela rebaixaron considerabelmente as expectativas dos traballadores e traballadoras do mar e a súa intención de solicitalas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o impacto no sector marisqueiro das axudas que se convocan, en xeral, para cubrir as paralizacións temporais da actividade?

. Que valoración fai sobre o impacto no sector marisqueiro de a frote das axudas convocadas pola Orde da Consellaría de Mar do 8 de maio de 2024?

. Que importe total se executou finalmente dos 7.200.000 euros previstos nesa Orde?

. Foi necesario amplialo? De ser así, en que cantidade?



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que importe total se executou finalmente dos 5.200.000 euros destinados a axudas pola paralización temporal da actividade marisqueira das embarcacións afectadas-persoas armadoras?

. Que importe total se executou finalmente dos 2.000.000 de euros destinados a axudas pola paralización temporal da actividade marisqueira das embarcacións afectadas-persoas tripulantes?

. Cantas solicitudes se presentaron para optar a cada unha das liñas de axudas? Cantas foron estimadas en cada caso?

. No caso de non ser executado na súa totalidade, a que se destinou ou a que se vai destinar o importe non empregado nas axudas?

. Considera a Xunta de Galiza que as axudas mencionadas cubriron as necesidades ás que ían destinadas? De non ser así, por que razón?

. Considera que a porcentaxe de solicitudes presentadas é proporcional ao número de persoas afectadas? De non ser así, a que o atribúe?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48486
Data envio: 29/01/2026 09:08:39.611

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 29/01/2026 9:07:49**

**Carmela González Iglesias na data 29/01/2026 9:08:02**

**Daniel Castro García na data 29/01/2026 9:08:08**

**Óscar Insua Lema na data 29/01/2026 9:08:19**

**Paulo Ríos Santomé na data 29/01/2026 9:08:27**

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48486
Data envio: 29/01/2026 09:08:39.611

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 9:08:40

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 11:16:23
Nº Rexistro: 48492
Data envio: 29/01/2026 11:16:23.395

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

O Concello de O Porriño, en relación ós datos oficiais do padrón de habitantes a 1 de xaneiro do 2025, conta cunha poboación de 20.935 habitantes.

Estamos ante un concello que se sitúa como o terceiro municipio por volume demográfico e que ademais conta coa maior porcentaxe de poboación menor de 25 anos de toda a mancomunidade, sendo por tanto, o da estrutura demográfica máis nova.

Co fin de visualizar a súa evolución, citaremos coma exemplo o ano 2001 onde contaba cunha poboación de 15.960 habitantes, o ano 2011 no que dita poboación aumentou a 18.033 habitantes; e o ano 2024 con 20.711 habitantes.
O feito de ter un carácter principalmente industrial, sendo unha área loxística relevante e tendo en conta a súa excelente localización xeográfica poden levar a este municipio a incrementar a súa demografía.

Por isto, parece lóxico que a demanda de atención sanitaria sexa crecente e proporcional ao incremento de veciños e veciñas, así como vinculada a súa pirámide poboacional.

Pero non serve de nada a relativamente recente ampliación do mesmo en 1.100 metros cadrados ata alcanzar os 2.700, nin o PAC renovado que desde logo non rexeitamos, se a Xunta de Galicia non é capaz de cubrir as prazas vacantes.

Asinado o día 29/01/2026 ás 11:14
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 29/01/2026 ás 11:14
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 11:16:23
Nº Rexistro: 48492
Data envio: 29/01/2026 11:16:23.395

Grupo
Parlamentario
Socialista

Finalmente, na presente semana na quenda da tarde no centro de saúde, deberían estar seis médicos e non había ningén. Non fai falta comentar cales son as consecuencias.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que previsións ten a Xunta de Galicia para dar cobertura ás prazas vacantes do centro de Saúde do Concello de O Porriño?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 11:16:23
**Nº Rexistro: 48492**
Data envio: 29/01/2026 11:16:23.395

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 29/01/2026 11:14:20**

**Elena Espinosa Mangana na data 29/01/2026 11:14:26**

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 11:16:23
Nº Rexistro: 48492
Data envío: 29/01/2026 11:16:23.395

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 11:16:24

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 11:17:57
Nº Rexistro: 48496
Data envío: 29/01/2026 11:17:57.979

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Julio García Comesaña

Asinado o día 29/01/20
Por María Felisa Rodri
Carrera

**Á Mesa do Parlamento**

**Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Carmen Pomar Tojo** e **Raúl Santamaría González,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

Na preparación do sistema educativo galego dos próximos anos, o desafío tecnolóxico e dixital desempeña un papel fundamental. A dixitalización no ensino constitúe un dos grandes retos do sistema educativo e foi sinalada pola Xunta de Galicia como unha prioridade estratéxica para a próxima década, ao favorecer, entre outros aspectos, o benestar e a igualdade de oportunidades de todo o alumnado, un ámbito no que Galicia se sitúa á vangarda.

Na actualidade existe un debate social arredor do papel da tecnoloxía na educación e sobre a importancia de acadar un equilibrio axeitado que asegure a adquisición das competencias dixitais ao tempo que se promove uso adecuado, consciente e responsable das tecnoloxía, fomentando contornas seguras e hábitos saudables.

Neste marco inscríbese a elaboración da nova Lei de educación dixital de Galicia, un texto pioneiro que establecerá un marco normativo claro para regular estes aspectos, definindo os dereitos e deberes de toda a comunidade educativa.

Como complemento a este desenvolvemento normativo, o Consello da Xunta acaba de aprobar o Plan Integral de Benestar Dixital, que se configura como a folla de ruta para a xestión axeitada da tecnoloxía no ámbito educativo.

Por José Luis Ferro Iglesias

Asinado o día 29/01/2026 ás 11:16
Por Rubén Lorenzo Gómez

Asinado o día 29/01/2026 ás 11:16
Por Cecilia Vázquez Suárez

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

O plan inclúe arredor de cincuenta medidas, estruturadas en cinco eixos de actuación, que se desenvolverán nos vindeiros cinco anos cun investimento de 7,4M€. O obxectivo principal do plan –elaborado da man de expertos da educación e da saúde— é blindar os centros educativos como contornas dixitais seguras e saudables, nas que a innovación avance da man da protección e da equidade, e se promova a corresponsabilidade e a coordinación entre a escola, as familias e as administracións públicas para fomentar un uso responsable da tecnoloxía dentro dun modelo de ensino híbrido sostible.

Entre as liñas de actuación destaca a posta en marcha dun Contrato de Vida Dixital, de carácter voluntario, que se artella como un compromiso entre o centro educativo e o alumnado, coa conformidade das familias. Este contrato ten como finalidade regular o uso das pantallas fóra do horario escolar, establecendo obrigas relativas aos tempos, horarios e usos dos dispositivos dixitais, así como mecanismos de seguimento para favorecer a responsabilidade e o compromiso do alumnado no seu uso.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración realiza a Xunta de Galicia do novo Plan Integral de Benestar Dixital?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 11:17:57
Nº Rexistro: 48496
Data envio: 29/01/2026 11:17:57.979

**Asinado dixitalmente por:**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 29/01/2026 11:16:05**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 29/01/2026 11:16:17**

**María Felisa Rodriguez Carrera na data 29/01/2026 11:16:29**

**Víctor Baladrón Lamas na data 29/01/2026 11:16:42**

**José Luis Ferro Iglesias na data 29/01/2026 11:16:55**

**Julio García Comesaña na data 29/01/2026 11:17:05**

**Patricia García González na data 29/01/2026 11:17:17**

**Carmen Pomar Tojo na data 29/01/2026 11:17:33**

**Raúl Santamaría González na data 29/01/2026 11:17:44**

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 11:17:57
Nº Rexistro: 48496
Data envío: 29/01/2026 11:17:57.979

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 11:18:00

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 12:26:04
Nº Rexistro: 48519
Data envio: 29/01/2026 12:26:04.450

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas** e **Daniel Castro García**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o compromiso da Xunta coa promoción e transmisión da música e do baile tradicional de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O *Libro branco do ensino na música tradicional en Galiza* (2006), editado pola Fundación Sondeseu e no que participou a Asociación de Gaiteiros Galegos, achegou, por primeira vez, unha panorámica que deu a coñecer a dimensión dunha actividade con pouca visualización social, pero cun tremendo potencial socioeconómico no sector cultural.

O documento contabilizou, hai xa case 20 anos, máis de 20.000 estudantes e case 1.400 actividades estudadas, 640 profesores entrevistados en case 700 centros de ensino de perto de 250 concellos, relacionados coa transmisión do baile e música tradicional.

Realizando unha estimación e adaptándoa ao total de actividades recollidas, o orzamento anual de todas as clases de música e baile tradicionais situábase en torno a 3 ou 3,5 millóns de euros, dos cales arredor dun 39% eran achegas da administración pública, sendo o resto costeado por cotas, actividades e rendemento escénico do aprendido polo alumnado das asociacións.

Unhas cifras que, malia estaren pendentes do necesario seguimento e actualización, é sabido que medraron nos últimos anos pola alta incidencia social e cultural que vertebra o mundo asociativo no noso país e mais polo conexión das novas



Asinado o día 29/01/2026 ás 12:25
Por Daniel Castro García
Asinado o día 29/01/2026 ás 12:25
Por Mercedes Queixas Zas
CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xeracións coa música e o baile tradicionais e que quedaron ben evidenciadas ao longo deste 2025 coa dedicación do Día das Letras Galegas ás cantareiras por parte da Real Academia Galega que converteu Galiza nunha sucesión de foliadas.

Na actualidade, o movemento asociativo de base calcula que máis de 35.000 persoas participan das actividades de formación e divulgación da música e o baile tradicional que, ao tempo, representa un motor indispensable sen o cal o sector profesionalizado da cultura sería moito menor.

Porén, trátase dun sector con grandes debilidades dentro do entramado socioeconómico da cultura galega, o que foi ben notorio en 2020 co gallo da pandemia.

As asociacións víronse obrigadas a paralizaren a actividade presencial, tanto aulas regulares como actividades esporádicas, as actividades remuneradas coas que completan os seus fondos destinados a cubrir gastos fixos e salarios de mestres tamén estiveron canceladas ou adiadas, o que provoca que gran parte das asociacións cancelasen os salarios do seu profesorado, deixando estes nunha situación de desamparo, ao tempo que algunhas quedaron no camiño para sempre.

Avanzar na profesionalidade e dignificación do colectivo de ensinantes de música e baile tradicional é precisamente unha demanda da Asociación do Ensino Profesional da Música e Baile Tradicional desde a súa fundación en 2021 coa que concordamos desde o grupo parlamentario do BNG.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Que compromiso asume o goberno da Xunta para coa promoción e transmisión da música e do baile tradicional de Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 12:26:04
Nº Rexistro: 48519
Data envio: 29/01/2026 12:26:04.450

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 29/01/2026 12:25:46**

**Daniel Castro García na data 29/01/2026 12:25:54**

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 12:26:04
Nº Rexistro: 48519
Data envio: 29/01/2026 12:26:04.450

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 12:26:05

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 12:29:57
Nº Rexistro: 48520
Data envio: 29/01/2026 12:29:57.928

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas** e **Daniel Castro García**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a adecuación do proxecto da AGADIC á continuada perda de orzamentos consolidada para 2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presentación do proxecto de lei de orzamentos para 2026 por parte do goberno do PP vén confirmar a consolidación da redución orzamentaria para a AGADIC, malia un discreto crecemento do orzamento global da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Un leve incremento para o conxunto da consellería que se produce en menor porcentaxe que a media xeral, que ve reducida a partida de transferencias correntes e que terá que afrontar o ano 2026 cunha importante caída en investimentos reais, o que constata que a cultura galega segue a perder peso político no proxecto do goberno do PP, relegada á última posición no organigrama da Xunta.

A continua redución no investimento para os diferentes sectores da cultura galega confírmase para a AGADIC que, ano tras ano, perde capacidade económica para impulsar as industrias creativas galegas, o principal obxectivo para o que foi creada en 2008.

A partida para a AGADIC en 2026 é de 16.798.22, en descenso progresivo durante os 16 anos de goberno do PP, coa excepción dos anos 2021 e 2022 en que se achegaron aos 21 e 22 millóns de euros respectivamente, se ben non con fondos propios da Xunta senón fondos Feder React.

Asinado o día 29/01/2026 ás 12:29
Por Daniel Castro García

Asinado o día 29/01/2026 ás 12:29
Por Mercedes Queixas Zas

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 12:29:57
Nº Rexistro: 48520
Data envio: 29/01/2026 12:29:57.928

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao tempo que cada vez son máis recoñecidas nacional e internacionalmente as industrias culturais galegas polo excelso talento e capacidade creativa, a resposta do goberno do PP a través da AGADIC é, por unha banda, actuar desde a inercia e a repetición dalgunhas das medidas impulsadas na orixe e, pola outra, reducir recursos e oportunidades aos seus principais eixos de actuación: as convocatorias anuais de subvencións ás industrias culturais, a xestión de circuítos estables de exhibición de espectáculos e as iniciativas de difusión da cultura galega fóra das nosas fronteiras, sen esquecer o labor de produción, programación e formación continua que leva a cabo a través do Centro Dramático Galego, Centro Coreográfico Galego e Filmoteca de Galiza.

Moi significativo é comprobar como o PP sentenza de novo o CDG e o CCG con partidas baixo mínimos, atados a orzamentos conxelados máis un ano, síntoma de que o PP non acredita na potencialidade das artes escénicas a través destes dous grandes centros de produción propia, malia os recentes recoñecementos estatais, concretamente no ámbito creativo do circo.

A memoria descritiva tampouco achega novas claves no proxecto da AGADIC para 2026 que permitan consolidar as estruturas existentes ou ensanchar as posibilidades das industrias culturais galegas con novas liñas de actuación dentrol e fóra de Galiza, xa que o apoio á internacionalización da cultura galega seguirá a ser unha materia pendente para o goberno do PP na Xunta.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Como vai afectar ao proxecto da AGADIC a nova redución de orzamento para o 2026?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 12:29:57
Nº Rexistro: 48520
Data envio: 29/01/2026 12:29:57.928

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 29/01/2026 12:29:40**

**Daniel Castro García na data 29/01/2026 12:29:47**

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 12:29:57
Nº Rexistro: 48520
Data envio: 29/01/2026 12:29:57.928

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 12:29:59**

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 13:05:51
Nº Rexistro: 48525
Data envio: 29/01/2026 13:05:51.879

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre os expedientes de regulación de emprego anunciados na automoción galega e o seu impacto sobre o sector.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai demasiados anos o sector da automoción galega está a sufrir as consecuencias da flexibilización dos expedientes de emprego como ERTEs e EREs, causando un enorme impacto sobre o emprego, como é lóxico, máis tamén sobre a calidade do mesmo.

E nesta nefasta aplicación de expedientes de regulación non se pode pasar por alto a responsabilidade do Goberno central, tanto por non reverter esta flexibilización nin exercer as súas competencias á hora de requirir novamente autorización administrativa previa para a súa aplicación.

Mais non é menos certo que o Goberno galego ten tamén abandonada, tanto por omisión como por ideoloxía, ás traballadoras e traballadores do conxunto de sectores produtivos afectados por expedientes de regulación de emprego.

O Goberno galego leva moito tempo sen atender as demandas de reunión dos diferentes comités de empresas afectadas por ERE, ERTE ou ameazas dos mesmos.

O actual Plan Director da Automoción non está a supoñer unha mellora para o emprego nin en termos de calidade nin de estabilidade, alén de que tampouco se está a



Asinado o día 29/01/2026 ás 13:02
Por Ramón Fernández Alfonzo

Asinado o día 29/01/2026 ás 13:02
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 13:05:51
Nº Rexistro: 48525
Data envio: 29/01/2026 13:05:51.879

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conseguir dar estabilidade ao que é o conxunto da cadea de produción.

Non se pode negar que a existencia dun único gran fabricante no sector crea unha dinámica de dependencia que hoxe en día está a supoñer máis unha traba cara as empresas auxiliares que unha oportunidade.

Os últimos meses véñense de coñecer expedientes de regulación de emprego en diversas empresas como Akwel, o propio centro tecnolóxico CTAG e as últimas novas falan dun ERE de 75 persoas traballadoras á empresa GKN, un dos xigantes das auxiliares da automoción.

Estes tres exemplos de empresas, a pesar de pretender despedir a centos de persoas, levan recibindo sendas subvencións públicas por parte da Consellería de Economía e Industria.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Por que o Goberno permite que as axudas públicas paguen os despidos das empresas que efectúan despedimentos colectivos?

- Como pensa o Goberno galego impedir que se sigan efectuando despedimentos colectivos no sector da automoción?

- Pensa o Goberno galego demandar do goberno central que os expedientes de regulación de emprego precisen autorización administrativa previa?

- Como pensa o Goberno galego blindar as axudas e subvencións públicas para que estas non poidan ser recibidas (ou sexan devoltas) para empresas que deslocalicen ou apliquen despedimentos colectivos?



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 13:05:51
Nº Rexistro: 48525
Data envío: 29/01/2026 13:05:51.879

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como valora o Goberno galego o fracaso do seu Plan Director da Automoción?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-8kXxaMgBW-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 13:05:51
Nº Rexistro: 48525
Data envio: 29/01/2026 13:05:51.879

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 29/01/2026 13:02:36

